

EN CASO DE INCENDIO

SE SE DETECTA UN INCENDIO:

Avisar o responsable de emerxencias, ou premer o botón de emerxencia, se o houbese, e informar da situación exacta do incendio e das súas características.

- ☐ En caso de que o incendio non entrañe perigo e nos vexamos capacitados, utilizar o extintor máis próximo para intentar sufocar o incendio.
- ☐ Se o incendio é grave e entraña perigo, debe abandonar a zona afectada e pechar portas e ventás tras o seu paso.



Non poña en perigo a súa integridade física

SE SE ATOPA ATRAPADO POLO LUME:

- ☐ En caso de lume abundante, camiñe agachado e procure colocar un trapo húmido na boca; a atmosfera será máis respirable e a temperatura máis baixa.
- ☐ Se ten que atravesar algunha zona que teña as portas pechadas, antes haberá que as tocar e se están moi quentes non as abra, busque outra saída. No caso de que non exista outra alternativa, a apertura realizarase lentamente e nunca de fronte a estas.
- ☐ Se prenden as roupas, non se debe correr, hai que se tender no chan e botarse a rodar.
- ☐ Se se atopa atrapado nun local:
 - ✓ Peche todas as portas.
 - ✓ Tape con trapos, a ser posible húmidos, todas as aberturas por onde penetre o lume.
- ☐ Faga saber da súa presenza no local e espere instrucións.

NORMAS XERAIS DE ACTUACIÓN EN CASO DE EVACUACIÓN

Ao oír a alarma de evacuación (**alarma do edificio, teléfono fixo ou móbil / comunicación persoal**) ou ao ser informado polo responsable de emerxencias, deberase comezar a evacuación do edificio, tendo en conta as seguintes recomendacións:

- ☐ Manter a calma e abandonar o centro de traballo en orde, seguindo as instrucións do responsable de emerxencias.
- ☐ Evacuar as instalacións sen correr, utilizando as vías de evacuación establecidas para se dirixir á saída máis próxima.
- ☐ Non se deteña nas saídas e diríxase ao punto de reunión exterior
- ☐ Non utilice os ascensores. Nas escaleiras hai que baixar con rapidez, pero sen correr e utilizar o pasamáns e/ou varanda para non escorregar.
- ☐ Non se pode perder tempo en recoller ningún obxecto persoal, nin en retroceder por eles.
- ☐ Peche as portas que vaia atravesando, en caso de ser a última persoa en evacuar a zona de traballo.
- ☐ Se se atopa xunto a algunha visita, acompañe ata o exterior do edificio.
- ☐ Se hai garaxe no edificio, non se dirixa ao aparcamento a retirar o seu vehículo. Se se atopa no garaxe abandone o seu coche e diríxase ao punto de reunión exterior.
- ☐ Non regrese ao interior do edificio por ningún motivo, ata que non informen que a situación é segura.

RECORDA

MANTER A CALMA EN TODO MOMENTO!

Avisar antes de intentar apagar un lume.

Non se arriscar innecesariamente.

Seguir as indicacións e colaborar co responsable de emerxencias. Na súa ausencia chamar as axudas exteriores.

Reunirse co resto de persoal no **punto de reunión exterior**.

MENSAXE TIPO PARA AS AXUDAS EXTERIORES

"Produciuse (*tipo de sinistro*), chamo do centro
_____ da UNIVERSIDADE DA CORUÑA, situado en
_____.

Son o responsable de emerxencia e comunícolle que se
produciu un (*tipo de sinistro*) na zona _____, que
afecta a _____ (*indique a natureza do sinistro*) e hai
_____ (*nº de feridos*)"

Siga as indicacións da persoa que estea ao outro lado do teléfono
e antes de colgar quede coa certeza de que a mensaxe foi recibida.

NORMAS XERAIS DE ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE CON LESIÓNS PERSOAIS

Comuníquelle o accidente ao responsable de emerxencia. Manteña a calma e transmita serenidade.
Actúe segundo a seguinte orde:

- ☐ **Protexer:** facer seguro o lugar dos feitos. Tomar medidas para neutralizar perigos ou riscos que persistan.
- ☐ **Avisar** os servizos de emerxencia.
- ☐ **Socorrer:** axudar a persoa lesionada mentres esperamos a chegada dos servizos especializados.



NORMAS XERAIS DE ACTUACIÓN EN CASO DE AMEAZA DE BOMBA

Se recibe unha chamada de ameaza de bomba, procure actuar da seguinte maneira:

- ☐ Manteña a calma.
- ☐ Anote a mensaxe íntegra, así como a hora e duración da chamada.
- ☐ Intente que repita a mensaxe, aludindo problemas de audición ou interferencias.
- ☐ Intente conseguir todos os datos posibles: sexo, acento e linguaxe utilizada, idade, ruídos de fondo existentes etc.
- ☐ Informe o responsable de emerxencia de inmediato.



TELÉFONOS DE INTERESE

EMERXENCIAS	112
URXENCIAS MÉDICAS	061
BOMBEIROS	080
POLICÍA NACIONAL	091
POLICÍA LOCAL	092
GARDA CIVIL	062
INTOXICACIÓNS	915 620 420

